

Memoria de actividades 2023

REDCIDI



01.	REDCIDi	3 - 17
	Presentación	5 - 5
	Misión, visión e valores	6 - 6
	Gobernanza	7 - 10
	Instalacións	11 - 12
	UTX REDCIDi	13 - 16
02.	Accións intercentros	17 - 30
	Análise xeral dos centros de investigación	19 - 19
	Asesoramento investigadores	20- 20
	Focus group HRS4R	20 - 20
	Seguimento convocatorias competitivas	21 - 27
	Benchmarking	23 - 26
	Clipping	27 - 28
	Xornadas de portas abertas no sector TIC	29 - 30
03.	Convocatoria CIGUS 2023	31 - 36
	Xornadas técnicas mixtas para convocatoria acreditación excelencia de centros	33 - 34
	Asesoramento e revisión da documentación para a convocatoria CIGUS 2023	35 - 35
	Asistencia nas certificacións dos centros	35 - 36
04.	Oportunidades estratéxicas	37 - 44
	Participación en foros de transformación	39 - 42
	Estudo de oportunidades en sectores estratéxicos	43 - 44

01. REDCIDI

1. REDCIDI

1.1 Presentación

A *Rede de Centros e Unidades de I+D+i* da UDC (REDCIDI) foi creada o 20 de decembro do 2022 polo Consello de Goberno no marco das accións dun dos eixos principais do Plan estratéxico 2022-2026 da UDC: a aposta por lograr a excelencia na investigación.

Este compromiso pola excelencia na investigación e as condicións cada vez máis cambiantes da contorna, xerou a necesidade de adoptar novas dimensións nas estruturas organizativas da UDC co obxectivo de coordinar os centros de investigación, homoxeneizar procesos e servir de ponte de comunicación entre os centros e as unidades de planificación e xestión da UDC.

A unidade localízase no Campus de Elviña, no *Edificio de Servizos Centrais de Investigación* (ESCI), e está constituído por un Director Estratéxico e unha Unidade Técnica de Xestión (con persoal contratado de apoio) para poder asistir aos centros de investigación coa maior axilidade posible, poñendo todo o foco de atención no reforzo das estruturas dos centros de investigación da UDC e en impulsar unha investigación de calidade que potencie a internacionalización, a multidisciplinariedade e o liderado científico dos centros.

As labores principais nas que centran os esforzos do REDCIDI resúmense en:

- Cooperación entre os membros da UDC para o impulso da I+D+i e a procura de sinerxías.
- Compartir coñecementos, experiencias, boas prácticas, accións e recursos que melloren as capacidades da investigación.
- Elaborar propostas, informes e documentos estratéxicos.
- Diseñar políticas e accións comúns de xestión da investigación.
- Potenciar a especialización e profesionalización das unidades de xestión dos centros e unidades de I+D+i da UDC.
- Establecer mecanismos de simplificación e racionalidade administrativa.
- Establecer vínculos con outros sistemas de I+D+i.
- Asesorar aos órganos de goberno da UDC en materia de estratexia da investigación.

1.2 Misión, visión e valores



Misión

REDCIDI é a rede de centros e unidades de I+D+i que actúa como motor estratéxico para alcanzar na UDC unha investigación de maior calidade e impacto. REDCIDI asegurará unha xestión coordinada e eficiente dos recursos dispoñibles e buscará anticiparse aos desafíos estratéxicos e de xestión dos centros e unidades de investigación da UDC para ofrecerlles asesoramento e ferramentas de traballo acordes ás súas necesidades.



Visión

REDCIDI aspira a ser recoñecida como unha unidade de apoio estratéxico e de xestión aos centros e unidades de I+D+i da UDC de referencia polo valor engadido aportado, pola profesionalidade do seu equipo e a eficiencia na súa acción.



Valores


Os principais valores que guían a actuación da REDCIDI son:

- Calidade.
- Cooperación.
- Eficiencia.
- Dinamismo.
- Transparencia.
- Empatía.



1.3 Gobernanza

Na normativa de creación da Rede de Centros e Unidades de I+D+i da UDC (aprobada en consello de goberno o 20 de decembro do 2022), establécense as estruturas dos seus órganos de goberno e as funcións de cada un deles co fin de asegurar o correcto funcionamento da rede. REDCIDI creouse para dar resposta aos obxectivos fixados no Plan Estratéxico da UDC para o período 2022-2026 (especialmente na área estratéxica 02. Investigación e Transferencia), estando constituída polos seguintes órganos: Comisión Reitora, Dirección Estratéxica, Unidade Técnica de Xestión, Comisión Asesora Externa e Comisión de Asesoramento Empresarial.



Comisión Reitora

A Comisión Reitora é o órgano de máxima representación da REDCIDI. Dentro das competencias designadas inclúese o nomeamento da dirección estratéxica da rede, a aprobación do Plan de acción e da Memoria anual de actividades. Este órgano está integrado por:

- Reitor da Universidade, que ostentará a presidencia.
- Vicerreitor de Investigación e Transferencia.
- Vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica.
- Xerente.
- A dirección estratéxica da Rede.
- Unha persoa da Unidade Técnica de Xestión da Rede que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

Dirección estratéxica

O director da REDCIDI ten asignada a misión de representar á rede ante o resto das institucións, así como establecer accións que permitan o cumprimento do plan de acción anual aprobado pola Comisión Reitora.

Con este fin, dirixe e coordina as accións en materia de investigación e innovación dos centros e unidades I+D+i que integran a Rede, respectando en todo momento a independencia e capacidade funcional de cada un de eles.

Unidade Técnica de Xestión

A Unidade Técnica de Xestión depende do Vicerreitorado de Investigación e Transferencia e actúa baixo as directrices da dirección estratéxica. As súas funcións céntranse en dar soporte ás necesidades dos centros de investigación e ás accións definidas nos planes da Rede.



Comisións Asesoras Externas

A REDCIDI conta con dous comités asesores externos para o apoio á súa actividade:

Comisión Asesora Externa

A Comisión Asesora Externa ten como función asesorar en ámbitos temáticos de I+D+i e propoñer accións. Os seus integrantes estarán formados por persoas con experiencia en xestión de centros de investigación de fora da UDC e un representante de cada unha das comisións asesoras externas dos centros e unidades que integren a Rede.

Comité de Asesoramento Empresarial

O obxectivo da creación do Comité de Asesoramento Empresarial consiste en asesorar en materia de transferencia a REDCIDI. Estará integrado por empresas que colaboren activamente coa UDC.

Nas súas primeiras etapas, decidiuse paralizar a creación da Comisión Asesora Externa e a Comisión de Asesoramento Empresarial co fin de dar prioridade a análise das necesidades dos centros de investigación e da UDC.

Sen embargo, isto non impediu formar fortes lazos con distintos membros pertencentes ao ámbito da investigación e ao tecido empresarial co fin de estudar as oportunidades estratéxicas que podemos alcanzar.

Equipo REDCIDI

O primeiro ano de desenvolvemento da REDCIDI iniciouse co liderado de Faustino Infante Roura como parte da Dirección Estratéxica.

En febreiro do 2023, iniciouse un proceso de contratación para formar parte da Unidade Técnica de Xestión. Buscou un perfil superior cunha ampla experiencia na creación, desenvolvemento e liderado de proxectos, cunha especialización en bases de datos. O obxectivo deste perfil estivo marcado polos intereses de desenvolver mecanismos de simplificación de procesos e a creación dunha base de datos actualizada que facilite aos centros de investigación o seguimento da traxectoria do persoal investigador de cara a elaborar documentos en futuras convocatorias.

A mediados de maio do 2023, publicouse a segunda contratación para continuar ampliando o equipo da Unidade Técnica de Xestión. Neste caso buscou un perfil orientado a Recursos Humanos con experiencia en xestión de equipos. O obxectivo deste perfil buscaba dar soporte ao persoal investigador nas convocatorias e centrado en políticas de captación e retención do talento.

Ata o 2024, prevese iniciar dous procesos de contratación en abril para incorporar a unha persoa cun perfil máis económico e unha persoa cun perfil dinámico que poda ofrecer soporte ao equipo no seu conxunto. Inicialmente contemplouse iniciar a contratación no 2023, pero debido a complexidade do período decidiuse



Faustino Infante Roura

Dirección estratéxica



Marta Fernández Pérez

Técnico de apoio a investigación



Adriana Lamas Eiroa

Técnico de apoio a investigación

1. REDCIDI


1.4. Instalacións

REDCIDI esta situada nas instalacións do edificio de *Servicios Centrais de Investigación* (ESCI). Neste edificio aglutínanse as distintas unidades que permiten o funcionamento da universidade e, máis en particular, dos servizos de apoio á investigación.

A localización da unidade REDCIDI neste edificio permite ter un mellor canle de comunicación e eficiencia durante os procesos de acción con outras unidades ao verse favorecido pola proximidade entre oficinas.

Co fin de atender as necesidades da unidade e o edificio, asignouse un espazo diáfano que se empregaba como sala de xuntas pero que tiña demasiada amplitude. Está sala adaptouse para aproveitar a eficiencia dos espazos dispoñibles do edificio e dividiuse en dúas áreas separadas cun tabique. A zona de sala de xuntas permaneceu para os mesmos fins na entrada principal do edificio, pero cun espazo máis reducido, mentres que a oficina da REDCIDI aproveitou a outra metade do espazo.

A oficina da REDCIDI esta composta de catro mesas de traballo para a unidade técnica de xestión cos seus respectivos equipos e cun estante para archivar a documentación elaborada pola rede. Ademais, conta cun espazo illado para a dirección estratéxica na que se realizan reunións de equipo e reunións coas diferentes unidades integrantes da Rede e empresas colaboradoras.



Cartel exterior da oficina da Unidade Técnica de Xestión da REDCIDI



Fachada dianteira do Edificio de Servicios Centrais de Investigación (ESCI)



Oficina da Rede de Centros e Unidades de I+D+i



1.5. UTX REDCIDI

Nos primeiros pasos da unidade, coa finalidade de asentar unhas bases sólidas para o futuro crecemento dos centros, considerouse como eixe prioritaria empregar todos os recursos dispoñibles nestas catro grandes áreas:

Estudar as características de cada un dos centros UDC e posta en relación cos seus competidores do SUG. Cos resultados do análise, puidéronse coñecer as areas de mellora de cada centro para crear un asesoramento personalizado adaptado aos seus intereses e necesidades.

Desenvolver instrumentos de harmonización, coordinación, simplificación administrativa e aforro no traballo diario dos centros da UDC; mantendo sempre a súa identidade e independencia.



Posicionar aos centros da UDC como lugar de referencia para a ciencia e a investigación, por medio de distintas accións, co fin de mellorar a súa competitividade cos seus pares no contexto do SUG, estatal e internacional.

Deseñar, en colaboración coas direccións e equipos dos centros da UDC, a mellor estratexia posible para conseguir e manter o seu recoñecemento autonómico como centros CIGUS.

1. REDCIDI



Como acción preliminar para a consecución dos obxectivos enmarcados nos eixos prioritarios, o persoal de REDCIDI participou en diversas accións formativas:

Inclusión do análise de sexo/xénero na investigación e a innovación

O curso, organizado pola *Fundación Empresa Universidade Galega* (FEUGA) na súa sede en Santiago de Compostela, consistiu en tres sesións dun total de catorce horas pola formadora e experta Capitolina Díaz Martínez. Durante as sesións, Capitolina encargouse de aportar múltiples ferramentas para a detección dos nesgos de sexo e xénero nos estudos científicos.

A formación en materia de perspectiva de xénero consideramos que é relevante a todos os niveis, entre outras moitas razóns, para que a produción científica sexa unha representación de excelencia e que non conteñan ningún nesgo de sexo nin de xénero.




Transferencia de coñecemento e interacción co Sistema de I+D+i

O obxectivo deste curso tratouse de realizar unha aproximación aos actores do Sistema Galego de Innovación, as bases da transferencia de coñecemento e a comercialización de resultados da I+D, ademais de contribuír ao desenvolvemento dun conxunto de capacidades. O curso organizado pola *Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia* (GAIN) e a *Fundación Barrié*, realizouse maioritariamente por vía telemática e algunhas sesións presenciais na sede de GAIN e do FEUGA en Santiago de Compostela. As sesións foron impartidas polo persoal pertencente a consultora Oxentia Ltd e tivo unha duración de dous meses.

Este curso dividiuse en cinco grandes bloques:


- O Sistema Galego de Innovación e os seus actores.
- Fundamentos sobre transferencia de coñecemento.
- Comunicación e presentación da investigación.
- Ecosistema de innovación, impacto e colaboración.
- A definición de estratexias para persoal investigador.



Elaboración dun plan de xestión de datos

Elaborar un plan de xestións de datos ás veces é un dos procesos máis complexos de desenvolver dentro dos centros de investigación, especialmente se están en pleno crecemento. Por iso, de cara axudarlles a seguir crecendo e elaborar o seu propio plan de xestión de datos e en concordancia co existente na propia UDC, decidimos ampliar un pouco máis a nosa formación neste campo.

Neste curso de dúas sesións, exploráronse os elementos fundamentais que teñen que conter todos os plans de xestión de datos, a elección da modalidade de plan máis axeitada a cada organización, a súa importancia dentro do marco da investigación e seu impacto na comunidade. Ademais de tratar estes puntos chave, tamén traballouse nun conxunto de recomendacións e boas prácticas que foron de gran utilidade para afianzar coñecementos. O curso foi organizado por FEUGA e impartido por Nadia Tonello por vía telemática.



02. Acci3ns intercentros

2. Accións intercentros




O labor do REDCIDi centrouse, ao longo do ano 2023, en desenvolver proxectos e accións estratéxicas mixtas entre os diferentes centros, permitindo racionalizar os medios a empregar e maximizar os obxectivos que se perseguen.

Ao mesmo tempo, establecéronse estándares de funcionamento que serán de aplicación común en todo o ámbito da REDCIDi e que, a corto e longo prazo, suporá un gran beneficio para a xestión eficiente dos centros de investigación.

2.1 Análise xeral dos centros de investigación

Co fin de entender mellor a traxectoria dos centros e a súa evolución, levouse a cabo unha análise integral e multidisciplinar dos mesmos tendo en conta factores económicos, de gobernanza, calidade científica, talento e de Investigación e Innovación Responsables (RRI). Os datos obtidos proporcionaron información moi valiosa de cara a trazar as liñas de traballo da REDCIDi tanto nun marco xeral como nos aspectos máis específicos de cada centro.



Datos a data 31 de decembre 2022 – Convocatoria CIGUS 2023

2.2 Asesoramento Investigadores

Ao longo do 2023, publicouse un conxunto de axudas de apoio as distintas etapas dos investigadores, sendo de especial relevancia as axudas posdoutorais e predoutorais da Xunta de Galicia.

Realizouse un comunicado do inicio do prazo das convocatorias e das novidades que incorporaron, ofrecéndose a todos os investigadores interesados asesoramento para encher correctamente o formulario de solicitude.

Resolvéronse as dúbidas expostas pola comunidade investigadora, xerando particular interese as novidades da convocatoria de concorrencia para a etapa predoutoral sobre o RRI. Neste apartado requiríase demostrar a aplicación directa das teses e que fosen conformes a unha das liñas marcadas no RIS3. Isto suscitou especial inquietude para os investigadores do area de químicas, ao tratar temáticas de investigación básica e cunha dificultade engadida para a xustificación da aplicación directa das súas teses.

Debido a labor de asesoramento prestada aos investigadores, logrouse que máis da metade das candidaturas fosen obxecto de concesión, facilitando a continuidade da investigación das teses.

2.3 Focus group HRS4R

A creación de políticas de recursos humanos e captación de talento é un dos eixes de acción prioritarios da universidade e, porén, dos nosos centros de investigación. Dende que a UDC obtivo o selo de excelencia HRS4R, o cal recoñece que as políticas adoptadas de recursos humanos van en consonancia cos principios recollidos na “Carta e Código”, desenvolvéronse numerosas accións ao amparo do selo.

Dentro das accións desenvoltas na UDC ao longo do ano, REDCIDi integrouse en múltiples focus group nos que se aportou unha perspectiva dinámica e racional, logrando fixar liñas de actuación conxuntas co resto dos participantes.

2. Accións intercentros




2.4 Seguimento convocatorias competitivas de ámbito autonómico


As convocatorias competitivas son unha das accións de captación de talento e recursos máis importantes que existen para os centros de investigación, especialmente debido ao elevado número de solicitudes que reciben cada ano e ao limitado número de concesións. Como consecuencia da súa gran relevancia, decidiuse analizar a evolución das últimas convocatorias da UDC, USC e UVigo; identificando a súa traxectoria na curva de solicitudes e concesións.

Esta análise realizouse desde dous acercamentos diferenciados:

- O total de investigadores procedentes de convocatorias competitivas existentes na UDC e a convocatoria a que optaron.
- Seguimento das convocatorias publicadas pola Xunta de Galicia no 2023 (predoutorais, posdoutorais, doutoramento industrial e consolidación) e comparativa do número de solicitudes e concesións de axudas da UDC co resto de universidades galegas.



Datos económicos extraídos das resolucións do 2019, 2020 e 2023.





2.2 Benchmarking

A elaboración dun novo informe de Benchmarking máis actualizado para os diferentes centros de investigación que pertencen exclusivamente á UDC (CITIC, CICA, CITEEC e CITENI) foi unha das primeiras accións dirixidas pola REDCIDI.


A realización dun informe individualizado para cada un dos Centros foi motivada por dúas necesidades. Primeiramente, o benchmarking é un documento que a Xunta de Galicia ven solicitando historicamente nas convocatorias para a acreditación do selo CIGUS, co cal buscou traballar proactivamente para a realización do informe cun marxe temporal adecuado. Por outra banda, a información obtida por esta vía é de incalculable valor para a posterior toma de decisións dos centros cunha visión informada e obxectiva.

Cos resultados obtidos, analizáronse as áreas de mellora de cada centro tomando como referentes aos seus pares científicos. Ademais, obtivéronse perspectivas máis axeitadas á realidade do seu posicionamento fronte a outros centros de excelencia a nivel mundial.

Neste informe comparouse cada centro de xeito individualizado cos respectivos centros homólogos, tanto nacionais e como internacionais, analizando aspectos claves como o número e a composición dos recursos humanos, a participación en programas internacionais, a produción de patentes e as publicacións científicas.

Para elaborar un informe o máis aproximado á realidade, celebráronse previamente reunións cos directores de cada centro para poñer en conxunto os seus intereses e seleccionar os centros homólogos que máis se asemellaran a cada centro.

Finalmente, tras a recollida de datos e a análise dos indicadores elaborados para a comparativa, o conxunto dos centros demostraron estar nun bo posicionamento, destacando especialmente o gran potencial de crecemento que poden acadar os centros ao aplicar as medidas de reforzo suxeridas no informe, especialmente en materia de internacionalización.



Os centros de investigación tiveron unhas xornadas de reflexión e selección dos centros homólogos, tanto en dimensión como en área de enfoque, de cara a planificar o proceso de elaboración do estudo.

Recóllense os datos referentes a recursos humanos, proxectos europeos, patentes e publicacións científicas dos centros de investigación a comparar.

Elabóranse unha serie de indicadores que permiten realizar unha análise o máis axustada posible coa situación real dos centros cos datos públicos dispoñibles.

Redactase un informe final no que se compara o centro de investigación de referencia cos centros homólogos, incluíndo as táboas dos indicadores elaborados. Cos resultados do informe, os centros de investigación elaboraron os documentos necesarios para optar a convocatoria CIGUS 2023.

Coas recomendacións do informe final, analizouse as liñas de actuación nas que centrar os recursos dispoñibles e se determinan medidas para un próximo plan de actuación.


2. Accións intercentros



Resultados da análise Benchmarking


CITIC

O informe destaca que o CITIC ten un perfil excelente polos seus logros en captación de recursos e a través de proxectos europeos, así como polos seus destacables indicadores bibliométricos de liderado, impacto e excelencia. Recomenda potenciar a colaboración internacional como factor multiplicador das fortalezas mencionadas.




CICA

Tras a análise, destácase que o CICA ten un perfil de centro de excelencia similar a outros potentes centros estatais, con resultados claramente destacables en transferencia e patentes polo número de contratos desenvolto e o esforzo que supón a creación dunha carteira de clientes. As áreas de mellora que recomenda, céntranse principalmente en aumentar a participación en proxectos europeos e en incrementar o número de produción científica de maior calidade.




CITEEC

O estudio conclúe que o CITEEC é un centro pequeno tanto en número de investigadores como en produción científica. Destaca como fortalezas o impacto e excelencia das publicacións e as capacidades das instalacións. Como área de mellora debe reforzar a colaboración internacional e o liderado para incrementar a captación de recursos económicos.



CITENI

O reporte considera que o CITENI en materia de transferencia tecnolóxica ten un rendemento positivo e destaca o excepcional desempeño en termos bibliométricos. Co obxectivo de mellorar o seu posicionamento, resulta clave centrarse na captación de persoal posdoutoral para potenciar a capacidade de xerar e xestionar proxectos europeos.



2. Accións intercentros





2.1 Clipping

Un dos maiores indicadores que permiten valorar o nivel de visibilidade que teñen os centros son as súas aparicións nas RRSS e na prensa. Por iso, precisouse realizar un seguimento que permitirá unha mellora continua dos plans de comunicación de cada centro.

Ante esta necesidade, apostouse por un clipping que abordase esta cuestión e que calcúlese a audiencia estimada da actividade e o seu alcance en termos económicos.

Por medio do constante estudo do impacto e do retorno da actividade de comunicación dos diferentes centros de investigación que pertencen exclusivamente a UDC (CITIC, CICA, CITEEC e CITENI) se emite un informe diario, mensual e anual no que se buscan todas as mencións dos centros.

	Evolución valoración setembro-diciembre 2023	Evolución visualizacións setembro-diciembre 2023
	297.463,40 €	58.070.551
	116.320,00 €	11.686.599
	95.335,50 €	13.571.783
	68.032,40 €	11.711.719



2. Accións intercentros

2.3 Xornadas de portas abertas no sector TIC

Neste primeiro ano decidiuse poñer énfase na creación de xornadas de portas abertas, centrándose inicialmente na contorna empresarial do sector TIC, creando e reforzando vínculos co sector tratando de dar visibilidade ao rol da universidade e os seus centros de investigación no contexto da implantación da AESIA na Coruña e no proxecto da Cidade das TIC.

Estas primeiras xornadas organizáronse coa colaboración do Club empresarial Nordés. As xornadas acolleron un total de quince empresas, o que permitiu compartir un extenso número de puntos de vista e estreitar lazos entre os centros de investigación e as empresas.

O éxito de coorganizar estas xornadas permitiu:

- Dar maior difusión aos centros a través das RRSS das entidades e empresas participantes.
- Desenvolver un traballo personalizado de captación de asistentes.
- Facer entrega de documentación do evento aos asistentes.

De xeito complementario, co fin de documentar a xornada e incrementar o impacto comunicativo dos centros de investigación, contratouse un servizo que se encargou do material audiovisual para que recollera todas as intervencións dos participantes e o conxunto das xornadas.



Cartel promocional das xornadas



Fotografía dos participantes das xornadas

03. Convocatoria CIGUS 2023

3. Convocatoria CIGUS 2023

3.1 Xornadas técnicas mixtas para a convocatoria de acreditación de excelencia dos centros

A convocatoria para a acreditación de excelencia CIGUS 2023 ofrece un abanico de oportunidades para os centros de investigación ao facilitar en gran medida o crecemento de todos aqueles que a obteñan a puntuación requirida. Debido a importancia desta fonte de financiación, organizáronse tres reunións conxuntas (23 de xuño, 28 setembro e 2 de outubro do 2023) coa dirección e xestores dos centros de investigación para dar a coñecer mellor os detalles da mencionada convocatoria e o procedemento de candidatura.

Nestas reunións explicouse o funcionamento das anteriores convocatorias e aclaráronse as cuestións e dúbidas propostas polos centros no proceso de preparación da súa postulación á convocatoria. A súa vez, salientáronse as áreas chave da convocatoria para tratar de maximizar o éxito das candidaturas dos centros.

Posteriormente, convocáronse reunións individualizadas con cada un dos centros, nas que se debateron as particularidades de cada un, baseadas nos análises previamente elaborados, e asesorouse de maneira máis personalizada para que centraran os seus recursos naquelas áreas que máis o precisaran.

A cohesión de todos os servizos da UDC foi un dos puntos chave durante todo o proceso de preparación da documentación. Debido á súa relevancia, o 26 de outubro convocouse unha reunión para coordinar todas as unidades administrativas da UDC, co fin de informar da documentación solicitada pola Xunta e como responder ás novas necesidades dos centros. Ademais, realizáronse outras seis reunións adicionais derivadas das necesidades demandadas polos centros de investigación.

En resumo, na preparación previa á solicitude realizáronse:



Tres reunións cos centros de investigación para a preparación previa á publicación da convocatoria.



Sete reunións con órganos de goberno e unidades de servizos da UDC para a presentación da convocatoria e unha posta en común das pautas de traballo de cara a preparación da mesma.



Unha reunión personalizada con cada un dos centros de investigación na que se destacaron as súas fortalezas e debilidades.



3. Convocatoria CIGUS 2023




3.2 Asesoramento e revisión da documentación para a convocatoria CIGUS 2023

Dada a relevancia da convocatoria, ofreceuse o servizo de revisión e asesoramento dos documentos que os centros debían de achegar na súa candidatura. Esta acción tivo unha gran acollida por parte dos centros, que remitiron os documentos para a súa lectura e corrección dos posibles erros e suxestións de mellora na redacción, así como propostas no caso en que se detectara a ausencia de algún fito que fora preciso destacar debido a súa relevancia.

De xeito previo a presentación formal das candidaturas por vía da Sede Electrónica, fíxose un cotexo dos documentos requiridos pola Xunta de Galicia e os documentos elaborados polos centros de investigación, asegurando que non faltara ningún que puidera propiciar unha causa de exclusión.

Recibidos todos os datos relativos aos ingresos procedeuse á súa organización e unificación nun só documento para elaborar unha certificación de cada centro, realizando previamente unha comprobación pormenorizada cos centros co fin de descartar posibles erros administrativos e a actualización de certos criterios. Un dos criterios revisados foi o computo de ingresos de proxectos dirixidos por persoas investigadoras que cambiaran a súa situación de adscripción ao centro de investigación.

Cronograma Convocatoria CIGUS 2023



3.3 Asistencia nas certificacións dos centros

Dende o inicio, prestouse axuda nas tarefas de cohesión e verificación da documentación que os centros de investigación e intercentros achegaban para a súa certificación: certificado de persoal, certificado de requisitos, certificado de dirección científica, certificado de instalacións e certificado *Do No Significant Harm* (DNSH).

O certificado de requisitos foi o máis complexo de elaborar xa que inicialmente os centros fixeron un acercamento que facía referencia aos ingresos captados, polo que a verificación era máis doada. Sen embargo, debido a aclaración por parte da Xunta de Galicia, trala publicación da lista provisional na que solo foron admitidos dous centros de investigación en toda Galicia, (ambos xa previamente acreditados co selo da rede CIGUS) decidiuse optar por realizar un certificado dos ingresos efectivos nas anualidades 2020-2022.

A organización interna do seguimento de proxectos, contratos e convenios dentro da UDC tivo un carácter complexo. Ademais da REDCIDI, cinco unidades foron as implicadas en axudar a recoller a información necesaria: *Servicio de investigación* (SERIN), *Oficina de Proxectos Internacionais* (OPI), *Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación* (OTRI), *Fundación Universidade da Coruña* (FUAC) e a *Análise e Xestión de Datos* (Xestat).

04. Oportunidades estratéxicas

4. Oportunidades estratéxicas

4.1 Participación en foros de transformación

A UDC, no contexto de Galicia, ten un alto potencial de innovación e transferencia de acordo coas capacidades do seus centros de investigación que permite un amplo marxe de mellora no seu desempeño. Nese sentido a UDC precisa coñecer con detalle a súa contorna socio-empresarial máis próxima para poder expandir as súas capacidades naqueles sectores que se detecten como áreas chave para o seu desenvolvemento.

Co fin de ter unha visión máis ampla do ecosistema que rodea aos centros e poder explorar mellor as oportunidades nos sectores estratéxicos, o persoal de RECIDI asistiu a múltiples eventos nos que puido estreitarse lazos con diferentes organizacións públicas e privadas.

Isto permitiu xerar un foro de debate que abriu portas a futuras colaboracións tanto coas entidades públicas como as privadas ao destacar temas de suma importancia, como o desenvolvemento e seguimento de competencias necesarias nun determinado posto ou a utilización destas ferramentas para o emprego de captación de talento.

Foro Ignicia

Neste foro, coa intención de poñer en valor o investimento en ciencia, tratouse de acercar os centros de investigación e o tecido produtivo galego. A este evento acudiron start-ups e institucións como interventores, tendo a oportunidade de escoitar unha serie de boas prácticas de cara a impulsar e fortalecer a transferencia.

Habilidades IA e Dixitalización Avazada

Dando continuidade ao estudo da contorna e o cambio que se está a producir a nivel empresarial coa incorporación da intelixencia artificial, asistiuse a unhas xornadas que tiveron lugar no CITIC e nas que participaron diversas empresas e a directora xeral de formación para o emprego e orientación da Xunta de Galicia.

O fin de estas xornadas foi o de abordar o uso da Big Data e a Intelixencia Artificial no ámbito laboral, presentándose a creación de diversas ferramentas que axudan a acelerar os procesos de selección de persoal e detectar con maior axilidade tanto as habilidades necesarias para un posto de traballo como as áreas de mellora das persoas.



Foro Ignicia



Habilidades IA e Dixitalización Avazada

4. Oportunidades estratéxicas

Xornadas de xestores de transferencia e investigación de OTRI, UGI, OPI das universidades galegas 2023

Durante os días 2 e 3 de novembro de 2023, o persoal de RECIDI asistiu a unhas xornadas nas que foron postos en común distintos puntos de vista por parte do persoal das universidades galegas con funcións relativas a transferencia, xestión de investigación, proxectos internacionais e captación de talento investigador nas OTRI, OPI e unidades de xestión da investigación.

Dentro das xornadas programadas, REDCIDI participou activamente nunha mesa de debate sobre a organización dos centros de investigación de Galicia, estrutura e relación coas universidades.

Durante o debate, expúxose a necesidade de avanzar cara novas contornas que favorezan o crecemento dos centros dentro da comunidade universitaria pero tamén dentro do tecido empresarial. A súa vez, ofreceuse un abanico de oportunidades de cara a establecer futuras colaboracións.

O conxunto das xornadas favoreceu un espazo de intercambio de boas prácticas, experiencias e opinións referentes a diversos temas dentro das áreas de transferencia, proxectos internacionais e de investigación.

Workshop da Oficina de Talento Internacional de Galicia

Neste Workshop de especial relevancia para o sistema universitario de Galicia, convocáronse dúas sesións para presentar o proxecto de creación da Oficina de Talento Internacional de Galicia e para ter un feedback das posibles necesidades ás que deberían de dedicar os seus recursos.

A creación dunha unidade con estas características, ten como obxectivo dar apoio ás universidades e realizar accións en conxunto, centrándose principalmente na benvida e retención do talento.

Ás sesións convidouse a persoas das distintas universidades, principalmente a directores de distintos centros de investigación e persoal de xestión de proxectos co fin de ter unha visión da situación actual e das necesidades que máis precisen cubrir a futuro.



Participación nas xornadas de xestores de transferencia e investigación



Portada de presentación da Oficina de Talento Internacional de Galicia

4. Oportunidades estratégicas



4.2 Estudo oportunidades en sectores estratégicos

Realizouse un estudo que permitiu detectar aqueles contextos máis favorables, ou nos que a UDC podería ter maior capacidade de penetración. Na procura de oportunidades en sectores estratégicos, adoptáronse varias accións de gran relevancia:


- Por medio da metodoloxía de benchmarking, analizouse o tecido empresarial da area de influencia, con especial relevancia naqueles sectores nos que actúan os Centros de Investigación (fundamentalmente en áreas TIC e outras de natureza afín).
- Iniciouse unha análise da carteira de clientes dos Centros de Investigación da UDC para orientar á gobernanza dos Centros naquelas accións que fosen máis rentables en relación cos seus clientes existentes e potenciais.

A análise, aínda en fase preliminar (dado que se trata dunha primeira aproximación) revela un bo posicionamento da UDC nas distintas áreas, fundamentalmente naquelas que implican o emprego de metodoloxías e coñecementos TIC, e amosa importantes nichos de acción no sector da construción, axenda urbana e áreas sanitarias.

O estudo tamén inclúe o valor engadido da UDC na contribución das accións de I+D+i na súa contorna e a sitúa en termos comparativos nunha posición privilexiada con respecto a outros axentes deste sector. O valor medio dos Centros da UDC está nos parámetros máis importantes dentro do top dez dos axentes activos en I+D+i na provincia (incluíndo empresas nacionais e multinacionais).

A análise de oportunidades estratégicas non aplica de xeito directo neste caso dado que é un informe que, en calquera caso, non pode darse por resolto ata que non se completen outros estudos complementarios que se están a realizar.

Parte dos estudos realizados para avaliar e cuantificar o impacto económico da Universidade de Coruña, realizáronse tendo en conta o municipio da Coruña e a súa periferia (Arteixo, Oleiros, Culleredo, Cambre e Sada), que no seu conxunto conforman a área metropolitana.



05.Orzamento 2023



Fondo propio da Universidade da Coruña

Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia (VPCIT)

Durante o 2023, asinouse un fondo complementario para activades de análise e estudo da REDCIDI aportado polo VPCIT.

Un total de 24.242,50 € retornados na elaboración dun informe exhaustivo de Benchmarking e a elaboración dun conxunto de indicadores que permitira facer unha correcta avaliación da situación actual dos centros.

TOTAL REDCIDI 2023: 89.818,49 €

Fondo alleo Xunta de Galicia

Convenio de reforzo do persoal de xestión

Na asignación de prazas adscritas á REDCIDI para a posta en funcionamento da Unidade Técnica de Xestión da REDCIDI, estimouse inicialmente de catro postos.

O primeiro ano de actividade cubríronse dúas das catro prazas asignadas inicialmente, o que supuxo un custo de 35.609,09 €.

Convenio de accións estratéxicas de I+D+i (2023-2024)

Dentro do convenio de accións estratéxicas de I+D+i, asináronse dous fondos coa súa correspondente acción estratéxica:

- **Accións I+D+i impulsadas e coordinadas a través da Rede de centros cun fondo de 20.000,00 € .** Os fondos asignados permitiron desenvolver proxectos estratéxicos mixtos entre os diferentes centros como foi a contratación conxunta dun Clipping e informes complementarios de Benchmarking, así como a celebración dunhas xornadas de portas abertas no sector das TIC para dar a coñecer os centros de investigación á sociedade.
- **Acción para a avaliación de oportunidades en sectores estratéxicos cun fondo de 10.000,00 € .** O fondo destinouse a avaliar as oportunidades en sectores estratéxicos para a nosa comunidade autónoma para as cales a Universidade ten unha vantaxe competitiva diferencial e distintiva.

Rede de centros e unidades de I+D+i

REDCIDI 2023

